

O alumnado de FP que desexe matricularse na proba de Avaliación do Bacharelato para Acceso á Universidade (ABAU) deberá facelo mediante o procedemento de **matrícula anticipada** establecido na **Convocatoria de matrícula ABAU 2022**.

1. O alumnado que ten finalizada a FP e **ten conta de usuario en Nerta** fará a súa matrícula a través da mesma <https://www.edu.xunta.es/nerta/>
2. O alumnado en posesión do título de Técnico Superior de FP, Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño ou Técnico Deportivo Superior, ou equivalentes, que **non ten conta de usuario en Nerta** deberá enviar ao LERD correspondente a documentación indicada na Base terceira, 1.3. Procedemento e Documentación, da devandita convocatoria:
 - a) Se ten os **datos informatizados en Nerta** deberá enviar por correo electrónico ao LERD correspondente os seguintes documentos comúns:
 1. Fotocopia do DNI ou Pasaporte.
 2. Impreso oficial de matrícula na ABAU debidamente cumprimentado (datos persoais, académicos e de matrícula para a ABAU) que poderá baixar da páxina web da CIUG.
 3. Acreditación de ter aboadas as taxas para a expedición do título.
 4. Xustificación de ter feito o depósito do título ou resguardo acreditativo de ter aboados os prezos públicos de matrícula ou, no seu caso, documentación que acredite a exención destes, segundo o estipulado nesta convocatoria de matrícula.
 - b) Se **non ten os datos informatizados en Nerta**, tamén deberá enviar
 - Certificación expedida polo centro das cualificacións obtidas.
 - Acreditación de ter aboadas as taxas para a expedición do título.
3. O Centro ten que traspasar o expediente de XADE a Nerta, co fin de que no expediente académico xa conste a superación de todos os módulos que compoñen o ciclo formativo de que se trate.

O alumnado deberá enviar por correo electrónico ao LERD correspondente os documentos comúns para este alumnado (Base terceira, 1.3. Procedemento e Documentación):

1. Fotocopia do DNI ou Pasaporte.
2. Impreso oficial de matrícula na ABAU debidamente cumprimentado (datos persoais, académicos e de matrícula para a ABAU) que poderá baixar da páxina web da CIUG.
3. Resguardo acreditativo de ter aboados os prezos públicos de matrícula ou, no seu caso, documentación que acredite a exención destes, segundo o estipulado nesta convocatoria de matrícula.